



A Coruña, 10 de agosto de 2018

Estimado/a director/a:

Desde a Delegación do Goberno de España en Galicia poñémonos en contacto contigo para indicarte que un curso máis poñemos en marcha o denominado Plan Director para a Convivencia e a Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e os seus Contornos, proxecto que posibilita que especialistas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado poidan dirixirse á comunidade educativa para informar sobre os recursos policiais e fomentar que alumnado, profesorado e pais e nais coñezan de primeira man o seus dereitos e deberes, para desta maneira tratar de mellorar a convivencia de todos e todas.

O programa, que se desenvolve en colaboración coa Xunta de Galicia, responde a unha das principais liñas de actuación do Goberno e desta Delegación, como é o impulso da educación en valores e a importancia da prevención e información como elementos fundamentais para a mellora da sociedade.

A proposta de actividades inclúe aspectos tan relevantes como o acoso escolar, os riscos asociados ao uso das redes sociais; e o consumo de estupefacientes e alcol; a violencia nos centros educativos, os abusos e agresións sexuais e a violencia sobre a muller; o maltrato no ámbito familiar; e os comportamentos racistas e xenófobos e a discriminación por razón de sexo ou raza, entre outros. Este curso pretendemos ademais xeneralizar o proxecto ciberexpert@, dirixido a nenos e nenas de 9 a 11 anos, e as actividades en centros residenciais tutelados.

Como podes comprobar, son temas de especial importancia e interese para tódalas persoas que integran a comunidade educativa, polo que dende a Delegación do Goberno en Galicia animámoslos a participar activamente neste programa.

Para isto, poñemos a túa disposición o persoal especializado das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, xunto coas das Unidades de Coordinación e de Violencia sobre a Muller da Delegación del Goberno en Galicia e as súas subdelegacións que, en colaboración coa Inspección Educativa da Xunta, son os responsables do desenvolvemento deste proxecto.

Se tes interese en coñecer de forma máis detallada o contido deste programa, podes solicitar a vosa participación e descargar toda a información, recollida na instrución 7/2013 da Secretaría de Estado de Seguridade, no seguinte enlace: <http://www.edu.xunta.gal/portal/plandirector>

Para calquera consulta podes dirixirte á Área Funcional de Alta Inspección da Delegación do Goberno en Galicia, a través do correo [educación.acoruna@correo.gob.es](mailto:educación.acoruna@correo.gob.es) ou do teléfono 981 989 555.

Recibe un cordial saúdo,

